


## A CONXUNTURA ECONÓMICA DE GALICIA: Balance do último ano.

### 1. Vigoroso comportamento da actividade económica.

Ao longo dos doce últimos meses, a economía española seguiu crescendo e xerando emprego a un excelente ritmo, podendo dicirse outro tanto da galega. Isto no debe ser óbice para manter unha extremada cautela posto que, por un lado, a incerteza provocada pola intensidade da alza dos prezos do petróleo constitúe unha serie ameaza para a sostenibilidade do noso crecemento no medio e longo prazo; por outra parte, a gradual escalada dos tipos de interese pode –pese a que, previsiblemente, a suba será moderada– contribuir a minorar a capacidade de tracción dalgún dos compoñentes máis dinámicos da actual fase expansiva.

Sexa como fose, o certo é que os datos de crecemento do PIB nos últimos trimestres son moi positivos. Ao longo do presente ano, as tres taxas interanuais dispoñibles non só supoñen una notable aceleración do pulso económico respecto ao acontecido no período correspondente do ano pasado senón que, ademais, superan lixeiramente a progresión do PIB español. Taxas interanuais moi próximas ao limiar del 4% e máis elevadas que as nacionais (gráfico 1) constitúen unha ruptura coa regra xeral imperante desde fai moitos anos, que non é outra que rexistros inferiores aos nacionais coa consabida excepción de certos trimestres dos Xacobeos.


Gráfico 1.- Taxas interanuais (%) do crecemento do PIB



É máis, os indicadores dispoñibles permiten concluír que a taxa de 2006 podería acadar un nivel do 4,0%, superando pois con creces os incrementos do quinquenio anterior (2001-2005) –no que a

taxa media non superou o limiar do 3,0%– e superando en unha/dúas décimas ao correspondente rexistro nacional (gráfico 2). Por sectores, cabe destacar que ese crecemento agregado distribúese de forma moi equilibrada. En efecto, excepción feita da rama agrario-pesqueira –salvidade que é regra xeral en todas as economías desenvolvidas– as taxas de crecemento sectoriais en 2006 diferirán en menos dun punto porcentual, oscilando entre un 3,5% en Enerxía e un 4,4% na Industria. Por conseguinte, dicir que a aceleración do ritmo de crecemento “se debe -fundamentalmente- ao tirón do ladrillo” é, cando menos, incorrecto, posto que, coa información dispoñible, pode anticiparse que a Construción<sup>1</sup> no crecerá máis que o conxunto da economía galega.

**Gráfico 2.- Crecemento do VAB sectorial e do PIB en 2006**



Debe terse en conta, ademais, que a contribución dunha actividade ao crecemento agregado no só depende da taxa de variación do seu output senón tamén do seu peso no PIB. E, en ese sentido, a rama de actividade que máis tirou do conxunto da economía galega son os Servizos de mercado, cuxa contribución ao progreso del PIB en 2006 situárase en torno a 1,8 puntos porcentuais, o que equivale a dicir que practicamente o 45% do crecemento agregado da nosa economía se debe ás actividades terciarias privadas. De acordo con *Indicadores de actividad del sector servicios* del INE entre os dous períodos comprendidos entre os meses de xaneiro e outubro de 2005 e de 2006, os Servizos galegos tiveron un

<sup>1</sup> Por outro lado, satanizar ao sector da Construción á marxe de calquera outra consideración -de carácter ambiental, en un hipotético exemplo- carece do máis mínimo rigor. Estamos falando dun sector que produce dous tipos de bens, uns de carácter público (equipamentos sociais e infraestruturas), y outros de carácter privado (vivendas e inmobles empresariais), cuxa funcionalidade produtiva e social é tan palpable que é inútil explicitar. Ademais, é clave desde o punto de vista da creación de emprego e os seus efectos de arrastre sobre o resto do tecido produtivo son particularmente poderosos.


comportamento más dinámico que os españois, tanto no que concirne á Cifra de negocios (8,3% fronte a 6,8%) como no que concirne ao Persoal ocupado (3,2% fronte a 2,2%).

Pero a maior especificidade da evolución de nosa estrutura económica en 2006 consiste, sen lugar a dúbidas, no protagonismo da industria, que presenta unha taxa superior á do conxunto da economía galega e que, concretamente en 2006, dobrará os rexistros anuais correspondentes a 2004 e 2005. O comportamento do sector industrial é, por tanto, o máis salientable da evolución da economía galega en 2006; trátase dunha esfera produtiva que experimentou ao longo do último ano unha notable reacción expansiva despois do aletargamento sufrido nos últimos exercicios.

En efecto, desde finais do ano pasado, a produción industrial rexistrou unha sensible recuperación, de tal forma que a variación media no que vai de ano (xaneiro-novembro) sobre ese mesmo período de 2005 é do 7,9%, o que, ademais de dobrar á media española (4,0%), constitúe o nivel mais alto de todas as CC.AA. Téñase en conta á hora de valorar debidamente ese incremento, que, en segundo lugar, sitúase a Rexión de Murcia, con un aumento da produción industrial que se cifra nun 5,9%, dous puntos por debaixo do resultado galego. Os sectores industriais con pautas máis destacables son os seguintes:


- *Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente* que, con un 16,7% é a actividade con maior peso dentro do IPI, presenta un crecemento do 14,2% neses once primeiros meses do ano.
- *Vehículos de motor e remolques* que, sendo a manufactura industrial con maior peso (13,8%), rexistra un incremento do 8,5% no período anterior, que se eleva ata un 23,7% se consideramos o ano transcorrido entre os meses de novembro de 2005 e 2006.
- *Produtos alimenticios e bebidas*, manufactura que ocupa a segunda posición (12,2%) cunha taxa do 7,4% de incremento ao longo dos once primeiros meses de 2006, que se sitúa nun 12,5% se nos referimos ao aumento experimentado entre os dous últimos novembros.
- *Confeción e peletería*, cunha ponderación inferior (5,7%) pero con taxas do 24,7% si se refiren aos once primeiros meses e se cifran nun espectacular 44,9% se nos cinguimos ao incremento interanual novembro 2006/05.
- *Construción de maquinaria e equipo mecánico*, cuxo peso se reduce sensiblemente (2,5%) pero con taxas que se sitúan en torno ao 15% interanual nas dúas fases temporais que se veñen contemplando.

**Gráfico 3.- Taxas interanuais (%) do Índice de Producción Industrial**



Por outra parte, desde setembro de 2005 creáronse 8.400 sociedades mercantís, o que representa unha cota do 4,7% sobre o total español o que, tendo en conta os antecedentes, constitúe un positivo resultado. Isto no é máis que o reflexo dun clima propicio para a concreción de iniciativas empresariais (gráfico 4), si ben se debe ser prudente en tanto en canto se trata dun indicador que padece altas doses de volatilidade. Todas as medidas que o goberno tome para que esa tendencia se consolide no futuro deberán ser consideradas como prioritarias, dado que aumentan o potencial de crecemento da economía galega e, por tanto, a súa capacidade de xeración de emprego e as posibilidades de converxencia.

**Gráfico 4.- Taxas interanuais (%) do número de sociedades mercantís constituídas**




Por último, o Gasto en consumo final dos fogares crecerá en torno a un 3,5% en 2006, por encima do 2,8% e do 3,1%, que se corresponden respectivamente con 2004 e 2005. Comportamento expansivo que pode ser explicado polo intenso aumento do emprego e por subas salariais dunha certa entidade. A tal respecto, apuntaremos polo momento dous datos: a) A poboación ocupada media de Galicia entre os nove primeiros meses de 2005 e de 2006 incrementouse en 34.500 persoas segundo a EPA, o que supón un incremento relativo do 3,1%; b) Subas salariais por encima da media española ao longo dos tres primeiros trimestres de 2006 que, concretamente, se situaron nun 4,3% fronte a una cifra nacional do 3,5%. Os dous factores supuxeron, obviamente, un incremento considerable dos ingresos dos fogares galegos e, como non podía ser de outra maneira, repercutiron positivamente sobre o consumo privado. Esa fortaleza do consumo das familias ven corroborada polo *Índice de ventas do comercio polo miúdo* que, ao longo de 2006, presenta un crecemento real do 5,4% en Galicia, o que triplica á media española: 1,7%.


## **2. Saneamento do mercado de traballo: Crecemento da actividade e do emprego cunha notable redución da taxa de paro.**

As tres principais fontes do noso mercado laboral indican un notable saneamento do mesmo no último ano. Primeiramente, o ritmo de afiliación á Seguridade Social presenta unha suave aceleración desde outubro de 2005 de tal forma que, en todos os meses posteriores, as taxas interanuais se sitúan por encima do 3%, a considerable distancia sen embargo da española ata abril de 2006, como consecuencia do inferior impacto do proceso de regularización de inmigrantes iniciado a mediados de 2005 (gráfico 5). Amortizados os efectos de tal proceso, o incremento de afiliados é moi similar, incluso superior ao nacional nos cinco últimos meses de 2006, o que implica a consolidación dunha tendencia tan positiva como novidosa. Así, entre os meses de decembro de 2005 e 2006 en Galicia o número de cotizantes incrementouse en 41.000 persoas, o que supón un ascenso relativo do 4,1% o que, ademais de desbordar amplamente a previsión máis optimista que puidese facerse fai un ano, supera claramente a media nacional: 3,4%.

**Gráfico 5.- Taxas interanuais (%) do número de afiliados á Seguridad Social**



**Gráfico 6.- Taxa de paro estimada pola EPA (%)**




En segundo lugar, os datos estimados pola EPA son excelentes en múltiples vertentes. Referíndonos, e xeral, ao período comprendido entre os tres primeiros trimestres de 2005 e 2006, destacaremos os seguintes feitos:

- El emprego medio ao largo de eses nove meses pasou de 1.127,3 a 1.162,3 miles de persoas, o que implica un incremento do 3,1%;

- O número de mulleres ocupadas acrecentouse en 32.000, o que equivale a dicir que 9 de cada 10 postos de traballo netos creados en Galicia foron destinados á poboación activa feminina;
- Esa intensa xeración de emprego conduciu a que a taxa de paro descendera a un nivel (7,3%) no terceiro trimestre do presente ano (gráfico 6) que non só é o máis baixo desde o 2º trimestre de 1982, senón tamén 0,9 puntos inferior á media española, cando desde o terceiro trimestre de 2001, a taxa galega foi sempre máis elevada;
- O descenso da taxa de paro dáse nun contexto de avance da taxa de actividade que se sitúa nun máximo histórico do 54,1% no terceiro trimestre do 2006, presionada á alza por unha crecente incorporación da muller ao mercado laboral de tal forma que, entre os terceiros trimestres de 2005 e 2006, a poboación activa feminina incrementouse en 26.600 efectivos;
- En suma, as mulleres foron o colectivo máis beneficiado pola mellora do mercado laboral galego, o que pode quedar debidamente ratificado co dato final de que a taxa de paro das mulleres se situara por debaixo do 10% -concretamente un 9,4% no terceiro trimestre de 2006- cando, por poñer un exemplo, cerramos 2004 cunha taxa media anual de paro feminino do 19,3%.

**Gráfico 7.- Taxas interanuais (%) do paro rexistrado**




Por último, os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais son, así mesmo, moi favorables. En efecto, tal como mostra o gráfico 7, a poboación rexistrada como parada diminúe a taxas non só altas senón tamén a un ritmo crecentemente intenso, de tal modo que nos dez últimos meses o descenso interanual supera o limiar do 5%. Evolución que, ademais, contrasta coa dinámica da economía española que, nos últimos meses, se salda con taxas negativas moito máis baixas en termos absolutos e, incluso, cun acrecentamento do paro rexistrado en certos meses do presente exercicio, co positivo resultado final de que, en 2006, o 22,5% do descenso do paro rexistrado experimentado en España ten lugar en Galicia.

### ***3. Prezos e custos: positiva desaceleración.***


Un dos indicadores da economía española que veu presentado peores resultados é a inflación o que, sen dúbida, garda relación co dinamismo da demanda interna, é dicir, unha parte significativa do diferencial de inflación coa UEM —preto aos 2 puntos en moitos meses do pasado recente— debe ser explicado polo feito do noso maior crecemento. Por outro lado, convén non esquecer que un grado de dependencia enerxética máis elevado a fai máis vulnerable á evolución dos prezos do petróleo e, por tanto, a súa acentuada progresión nos últimos tempos introduce presións inflacionistas máis acentuadas que nas economías dos nosos socios da Eurozona.

En Galicia, loxicamente, o comportamento dos prezos é moi similar ao correspondente ao conxunto da economía española, con taxas interanuais que, nos oito primeiros meses do ano, rondan o 4% no IPC Xeral e o 3% no que concirne á inflación subxacente (gráficos 8 e 9). Os últimos rexistros mensuais do IPC Xeral amosan un nítido proceso de desinflación, con taxas interanuais en decembro de 2006 do 2,6% en Galicia e do 2,7% en España; a razón fundamental deste cambio débese ao comportamento dos prezos enerxéticos como consecuencia do decremento experimentado polo petróleo crú importado pero, en calquera caso, permitiu corraxir substancialmente o diferencial de inflación coa UEM ao situarse na actualidade claramente por debaixo dun punto.

**Gráfico 8.- IPC. Xeral**




**Gráfico 9.- Inflación subxacente**



O mantemento do clima de moderación salarial imperante desde fai unha década debe ser convenientemente sinalado, moito máis si se ten en conta o grado de intensidade que, no pasado recente, adquiriron as presións inflacionistas sobre a nosa economía. Sen embargo, o gráfico 10 mostra que os custos laborais por traballador, con todas as cotizacións sociais incluídas —en suma, o custo no que deben incurrir as empresas pola contratación de traballo asalariado— experimentaron un notable repunte en Galicia a lo largo do primeiro semestre de 2006, con crecementos nominais interanuais por encima da barreira do 4% e, como se pode apreciar no gráfico 10, considerablemente máis elevados que os correspondentes a España. Si ben é certo que se sitúan en torno a un 85% dos custos medios nacionais, non o é menos que os dos rexistros trimestrais da primeira metade do ano só poden ser considerados como nocivos porque ou ben as empresas logran compensalos con incrementos similares de prezos, o que suporá maior inflación, ou ben serán incapaces de facelo, sobre todo as máis expostas á competencia, o que implicará un deterioro da súa conta de resultados. Por conseguinte, é desexable que se ralentice o seu avance, o que parece apuntarse co crecemento interanual do terceiro trimestre.

**Gráfico 10.- Custo laboral por traballador**




#### **4. O dinamismo do comercio exterior.**

Por último, convén repasar o acontecido coas nosas contas exteriores. O aumento das vendas galegas fora do mercado español, entre xaneiro/outubro de 2005 e de 2006, elevouse a un 25% fronte a un incremento do 20% das importacións. As seccións arancelarias que, tanto polo seu peso no total das exportacións galegas coma polo dinamismo, contribuíron en maior medida a ese importante impulso exportador foron nas Materias téxtiles e as súas manufacturas e Material de transporte, é dicir, Confección, Automóbiles e Buques.


A participación galega nos dous fluxos de intercambios co exterior é sensiblemente superior ao noso peso no PIB español (5,1% en 2005), elevándose, en outubro de 2006, a un 6,4% no total de importacións e exportacións de bens; ademais, a nosa cota nas exportacións (7,9%) é moito máis elevada que nas importacións (5,3%), tal e como se pode comprobar mediante o gráfico 11. Asimetría que é un primeiro reflexo de que a balanza comercial de Galicia co resto do mundo (mercado español excluído) presenta un saldo moito máis equilibrado; en concreto, nese último mes, a súa taxa de cobertura elévase a un 96,8% fronte a un nivel nacional do 64,5%.

Por outro lado, o gráfico 12 demostra que, ao marxe das intensas fluctuacións sufridas polos dous fluxos de comercio exterior, tanto as vendas como as compras nos mercados internacionais crecen a un ritmo moi superior ao da produción doméstica. Así pois, a economía galega ábrese crecentemente ao exterior, depende cada vez máis dos mercados internacionais e, por tanto, ese ascendente grado de internacionalización constitúe unha oportunidade que debe contribuír a cebar o noso potencial de crecemento, como así ocorreu no último ano. Boa proba do anterior é que, entre os terceiros trimestres de 2005 e 2006, a *propensión media a exportar* —medida a través do cociente entre as Exportacións de bens fora do mercado español e o PIB en cada un dos trimestres— da economía galega pasou dun 23,1% a un 26,7%, fronte ao estancamento da media española nun 16,4%.

**Gráfico 11.- Participación das exportacións e importacións galegas no conxunto nacional**



**Gráfico 12.- Taxas interanuais (%) do crecemento das exportacións e importacións**



## CONCLUSIÓN

Ao largo dos últimos doce meses, a economía galega evolucionou de forma moi favorable. A taxa de crecemento do PIB en 2006 situarase en torno a un 4,0%, o que permitirá superar a correspondente

ao conxunto da economía española, o que dados os precedentes debe ser cualificado como un feito que reviste unha especial transcendencia si se continúa pola mesma senda.

Por outro lado, a distribución sectorial do crecemento por ramas de actividade resulta moi equilibrada, destacando o protagonismo desempeñado pola Industria, que rompendo tendencias anteriores será o sector con maior dinamismo, se ben a maior contribución ao crecemento do PIB lle corresponde aos Servizos de mercado por ser o sector con maior peso dentro de nosa estrutura produtiva.

Intensa progresión da actividade que permitiu unha mellora substancial do mercado de traballo, cunha xeración de emprego que, superando as previsións máis optimistas, permitiu que a taxa de paro descenda a un nivel que é o máis baixo do último cuarto de século, nun contexto de notable progresión da taxa de actividade. Por outra parte, cabe destacar que o colectivo máis beneficiado por ese saneamento do noso mercado laboral foron as mulleres.

Expansión produtiva creadora de emprego que, nos últimos meses, foi compatible cunha clara desaceleración da inflación, reducíndose de forma sensible o diferencial desfavorable coa Eurozona, o que debería contribuír a frear o deterioro da competitividade vía prezos do conxunto da economía española. Competitividade exterior que, no caso da economía galega, asentouse nunha serie de importantes sectores industriais, cunha gran capacidade de arrastre sobre o resto do sistema produtivo, e cuxo impulso exportador contribuíu á notable expansión económica que ven experimentando Galicia desde mediados de 2005.